

Rexistro de entrada: UVIGO1101 Nª 200600008601

A Sección sindical de CC OO da Universidade de Vigo solicita a inmediata convocatoria da Mesa negociadora do II Convenio do persoal laboral.

Así mesmo, solicitamos que a xerencia reconsidere a súa proposta de convenio para que sexa posible chegar a un acordo que recolla as lexítimas aspiracións da meirande parte importante do colectivo que representamos.

Agora que as incertezas políticas van dar paso a un novo proxecto de goberno desta universidade no que Vde. parece ser que está incluído, CC OO prégalle que faga un esforzo para detectar as necesidades dos servizos e áreas cubertas con persoal laboral e, unha vez que estas sexan coñecidas, se faga a necesaria planificación para podelas resolver no vindeiro cuatrienio. Unha parte importante destas necesidades teñen que ver coas condicións laborais dos traballadores e traballadoras; a súa mellora será tamén a mellora e o progreso da institución pública no que todos e todas traballamos. CC OO leva moitos anos implicándose nesta tarefa e o continuará a facer, con dialogo e propostas nas Mesas ou, no caso de fracasar estas, coas accións que decidan a maioría do persoal que representamos.

Vigo 2 de xuño de 2006

Atentamente



Manuel Velasco Graña

Coordinador da Sección Sindical
de CC OO da Universidade de Vigo